



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Resolución de nomeamento de 4 peóns/as durante 6 meses para o Programa PEL-CONCELLOS 2026 da Deputación Provincial da Coruña.

Núm. Admvo. Expte.: 2026/E001/000002

Expte. Decreto Núm.: 2026/G003/000274

Vista a Resolución núm. 2026/7246, do 23 de febreiro, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 38, do 26 de febreiro de 2026, pola que se aproba a concesión das subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2026 (PEL-CONCELLOS 2026), na que se establece un importe para o Concello de Laxe de 31.000,00 euros.

Visto o expediente que se tramita para a selección de 4 postos de peóns/as, durante 6 meses, persoal laboral temporal, ao abeiro da subvención concedida polo programa PEL-CONCELLOS/2026 da Deputación da Coruña.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 180/2026, de data 11/03/2026, aprobáronse as bases da convocatoria para a selección de persoal para a provisión, en réxime de dereito laboral temporal, de 4 postos de peóns/as, durante 6 meses, Programa PEL-Concellos/2026 da Deputación da Coruña.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 260/2026, de 16/04/2026, aprobouse a proposta do tribunal cualificador reunido o día 15/04/2026 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas a este concurso-oposición, na que propón ao sr. Alcalde designar a Antonio Álvarez Valiña, Laura Mourelle Castro, Jac González Rivero e Alejandro Francisco Vidal Bouzas, como peóns/as deste Concello de Laxe, Programa PEL-CONCELLOS 2026; requiríndolles ás persoas candidatas propostas para que xustifiquen os requisitos esixidos conforme ao establecido na cláusula décimo terceira das bases de selección.

Vista a documentación presentada o día 17/04/2026 polas persoas propostas Antonio Álvarez Valiña, Laura Mourelle Castro, Jac González Rivero e Alejandro Francisco Vidal Bouzas, establecida na base décimo terceira das bases de selección, e unha vez comprobado que a mesma é correcta

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 e) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Nomear como peóns/as do Programa PEL-CONCELLOS 2026 da Deputación Provincial da Coruña ás seguintes persoas:

Apelidos e nome	DNI
Álvarez Valiña, Antonio	***6576**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Mourelle Castro, Laura	***0398**
González Rivero, Jac	***8061**
Vigo Bouzas, Alejandro Francisco	***6210**

A duración do contrato será dende o 21/04/2026 e ata o 20/10/2026, ámbolos dous incluídos, a xornada parcial (75%) e baixo a modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 505).

Segundo. De acordo coa base 11.4 das bases de selección esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe (www.concellodelaxe.com) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Terceiro. Dar traslado desta Resolución ao Departamento de Contabilidade para o seu coñecemento e efectos.

Cuarto. Dar conta no vindeiro Pleno ordinario que se celebre.

Mándao e asínao, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O Alcalde,
Asdo.: Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora,
Asdo.: Begoña Carrasco García